



*ARTE, LITERATURA
ANTROPOLOGÍA*

A pericia do lapicida

XOSÉ LUIS MOSQUERA CAMBA*

Saberes extraordinarios aprendidos sen método e, incluso, sen discurso.

O pelouro fronte a un coa súa ridícula irregularidade,
Coa súa secreta e intrincada capa de detalles nos que hai que reparar...

Trazar con signos dun equívoco alfabeto as voltas dunha vida,
Trenzar (tronzar).

Un lapicida é un criminal inevitable, un home de mirada ensombrecida.

(...)

Logo está a dureza, a tensión incalculable da palabra
(non da materia, non, pero da palabra),
unha ríxida tensión que só se intúe cando o golpe quere deixar marca
e, cunha indicible premonición, queima nos dedos, tal vez incluso no ventre.

Inscribir na pedra un nome de muller e notar o seu alento
Salobre na saliva, nunha saliva densa e pegañenta,
Nun lodo acedo e repugnante
Do que non hai maneira de librarse
Porque todo nome de muller exposto nunha pedra,
Nunha rugosa e tosca pedra, fala sempre de morte.

(...)

Un lapicida é un criminal inevitable, un home de tristeza desmedida.

Ciceis e punteiros: armas brancas cargadas de pasado
(a maldición nas mans de quen escribe coa fútil esperanza de permanecer).

A Alfredo Erias, que sabe ler nas pedras.

* **Xosé Luís Mosquera Camba** é profesor no IES Francisco Aguiar de Betanzos, doctor en Xeografía e Historia e autor de varios libros de poesía.